

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Completa as seguintes oracións con pronomes e determinantes interrogativos.

- **Canto** custará ese xersei de la?
- **Cal** é o planeta máis pequeno do Sistema Solar.
- **Quen** chamou por teléfono hai dez minutos?
- **Canto** tempo levaría construír esta estrada?
- Mamá, **que** cociñaches para a cea?
- Xa decidiches **que** camisa vas coller?
- **Quen** dixo que aquilo era mentira?



2. Di agora, cales son pronomes e cales determinantes.

- Pronomes: canto, cal, quen, que, quen.
- Determinantes: canto (tempo), que (camisa).

3 Escribe o que se che pide.

- Dúas oracións nas que apareza un determinante exclamativo en cada unha.

Resposta libre

- Dúas oracións nas que apareza un pronome exclamativo en cada unha.

Resposta libre

- Dúas oracións nas que apareza un determinante interrogativo en cada unha.

Resposta libre

- Dúas oracións nas que apareza un pronome interrogativo en cada unha.

Resposta libre

Unidade 10. Facemos unha entrevista


Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Ordena as oracións seguintes e obterás un fragmento da obra *Xogos de fantasía* de Gianni Rodari.

- Mais non o do libro de Pinocho, senón outro.
- Era unha vez Pinocho.
- Non o fixera Gepetto; estaba aí e máis nada.
- El tamén era de madeira, pero non era o mesmo.

- **Era unha vez Pinocho.**
- **Mais non o do libro de Pinocho, senón outro.**
- **El tamén era de madeira, pero non era o mesmo.**
- **Non o fixera Gepetto; estaba aí e máis nada.**



2 Escribe o texto ordenado e pon os puntos necesarios.

Era unha vez Pinocho, mais non o do libro de Pinocho, senón outro. El tamén era de madeira, pero non era o mesmo, on o fixera Gepetto; estaba aí e máis nada.

3 Escribe parénteses onde sexa necesario.

- A directora do BCE (**Banco Central Europeo**) tivo unha xuntanza con empresarios galegos.
- Castelao (**1886-1950**) naceu en Rianxo A Coruña.
- Manuel (**o irmán de Iria**) foi a Bruxelas estudar.

3 Escribe comiñas onde sexa necesario.

- O meu pai berrou: «**vén aquí inmediatamente**».
- Non sei que vos pasa hoxe, pero estades todos encantadores.
- O domingo chamáronme por teléfono para que o luns vaia a un «**reality show**».
- A ese cantante chámanlle «**O greñas**».
- O teu irmán é moi alegre: estivo toda a noite chorando.

4 Escribe o ditado

Unidade 10. Facemos unha entrevista

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

LITERATURA

1 Le o seguinte texto.

Había unha vez tres canteiros que traballaban xuntos e, cada vez que volvían á casa, armábase un grande enfrontamento porque non levaban cartos, pois se lles ían en viño. Así que decidiron cambiar e facer algún aforriño.

Puxéronse a cavilar no mellor modo de resolver o asunto. Unha noite, o que se tiña por máis listo dixo:

-Se vos parece, imos facer un trato: o primeiro que nomee a palabra viño deberá pagar o que beban os tres.

-Moi ben –acordaron todos.

O día seguinte, segundo ía pasando o día, botaban cada vez máis de menos o viño.

O máis infeliz dos tres sentou nun penedo, botou un suspiro e dixo:

-Moito me acorda el. Maldito, moito me acorda.

Os outros dous miraron para el, e un deles dixo de contado:

-Non se pode pasar sen el. Eu cando menos teño o siso posto nel.



E como non se romperá o trato, pagaron a escote. Porque, claro, lles seguiron

pasando as mesmas cousas; pero iso si, desde aquel día ao viño cambiáronlle o nome.

Conto popular

2. Contesta estas preguntas sobre o texto.

- Quen son os protagonistas do relato?

Os protagonistas son tres canteiros.

- Cal é o problema que teñen?

O seu problema é que non teñen cartos porque se lles ían en viño.

- Solucionárono?

Non

- Cal é o desenlace do relato?

Decidiron pagar a escote (a partes iguais entre os tres) e nunca máis volveron chamarlle viño ao viño.